

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA POTENCIAR A FORMACIÓN EN MATERIA DE TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN XEOESPACIAL DENTRO DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO 'ACELERACIÓN DE ECOSISTEMAS DE EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN BASEADOS EN XEMELGOS DIXITAIS' NO CONTEXTO DO PROGRAMA RETECH (*REDES TERRITORIALES DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓGICA*) E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATION, PRTR.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (de aquí en diante a "Consellería"), e actuando no seu nome e representación José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, don Damián Rey Rodríguez director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), nomeado polo Decreto 117/2025, do 29 de decembro, (DOG núm. 251, do 30 de decembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011).

Ambas partes, recoñécense mutuamente o interese e a capacidade e representación necesarios para a sinatura do presente acordo de colaboración e a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a entidade pública encargada de propoñer, deseñar, coordinar e executar directrices xerais en materia laboral, que engloban, entre outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, autoemprego, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social corporativa e formación para o emprego, entre outras tantas funcións; en particular, o deseño, programación, e xestión de accións en materia de formación para o emprego, cualificación, e recualificación profesional ao longo da vida.

Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, conta co Centro de Novas Tecnoloxías (en diante, CNTG) como órgano de apoio que ten como obxectivo e competencia a realización de actividades formativas e cursos técnicos especializados destinados aos profesionais do sector das TIC, a detección de tendencias tecnolóxicas que permitan ofertar actividades formativas actualizadas e adaptadas ás innovacións tecnolóxicas e ás necesidades e demanda do mercado, e á organización e ao apoio loxístico para a realización de actividades, foros, e xornadas técnicas que supoñan transferencia de coñecemento para os profesionais do sector.



Segundo.- Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Terceiro.- A Xunta de Galicia, a través da Amtega, está a levar a cabo o proxecto **"Aceleración de Ecosistemas de Emprendemento e Innovación baseados en Xemellos Dixitais"**, encadrado dentro do *Programa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (RETECH)* no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea- Next Generation EU.

O *Programa Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica Territorial (RETECH)* é unha iniciativa impulsada pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial (SEDIA) e financiada polos Fondos Next Generation EU. Ten como obxectivo o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos realizados polas Comunidades Autónomas (CCAA) en diversos ámbitos de actuación, como a intelixencia artificial, as redes de emprendemento dixital e os xemellos dixitais.

En marzo de 2023, o Consello de Ministros aprobou o RETECH IA, no que se inclúe a iniciativa 'Aceleración de Ecosistemas de Emprendemento e Innovación Baseados en Xemellos Dixitais', co obxectivo de xerar ecosistemas de empresas que creen solucións IA para a xestión das infraestruturas territoriais. As comunidades participantes neste proxecto son *La Rioja, Castilla - La Mancha, Extremadura, Navarra*, e tamén Galicia.

Este proxecto alíñase cos obxectivos do Plan de Recuperación e, entre outros, co obxectivo de reforzar as capacidades empresariais, incluída a formación e o reciclaxe profesional.

Dentro das actividades específicas do proxecto inclúese e prevese a organización e execución dun programa formativo técnico, centrado nas tecnoloxías clave para o desenvolvemento e a explotación de xemellos dixitais (IoT, Big Data, SIX, intelixencia artificial, etc.). Esta formación está dirixida a profesionais TIC, responsables públicos e outros perfís estratéxicos, e permitirá reforzar as capacidades dos axentes que interveñen na planificación e xestión territorial.

Cuarto.- A proposta de programa formativo está aliñada cos obxectivos da Consellería polo que considera adecuada a participación neste proxecto mediante a coordinación e dinamización da execución do programa formativo.

Quinto.- É por iso que, ao compartir os mesmos obxectivos, centrados principalmente en impulsar e fomentar formacións e coñecementos en materia de tecnoloxías da información, a Amtega e a Consellería consideren adecuado colaborar conxuntamente na elaboración e execución dun programa formativo centrado nas tecnoloxías clave en materia de información xeoespacial para o desenvolvemento e explotación de xemellos dixitais orientado á cidadanía con interese nesta materia e preferentemente aos profesionais do sector TIC en Galicia.



Con base no exposto anteriormente, manifestando o desexo común de colaborar nas actividades dun programa formativo en materia de tecnoloxías para o desenvolvemento de xemelgos dixitais no marco do proxecto **"Aceleración de Ecosistemas de Emprendimento e Innovación baseados en Xemelgos Dixitais"**, encadrado dentro do *Programa de Redes Territoriales de Especialización Tecnológica* (RETECH), con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para a execución dun **programa de formación en materia de tecnoloxías de información xeoespacial para o desenvolvemento de xemelgos dixitais**, orientado á cidadanía e en especial aos profesionais do sector TIC, para afondar nas capacidades de desenvolvemento e uso de sistemas avanzados de xestión territorial.

Este programa de formación contribúe aos obxectivos do proxecto **"Aceleración de Ecosistemas de Emprendimento e Innovación baseados en Xemelgos Dixitais"**, encadrado dentro do *Programa de Redes Territoriales de Especialización Tecnológica* (RETECH) no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generation EU. (en diante MRR)

Segundo. Ámbito de aplicación

Na execución do presente convenio abordarase a elaboración e execución do programa formativo cun catálogo de cursos concretos, baseados nas tendencias e necesidades do sector. A execución inclúe a posta a disposición dos contidos formativos, a coordinación das convocatorias, selección de participantes, e o seguimento de execución, e a impartición das actividades. No anexo I deste acordo concréntanse as actuacións incluídas.

Terceira.- Funcións das partes

A colaboración entre todas as partes asinantes do presente convenio suporá que cada unha delas asumirá as seguintes funcións:

Funcións conxuntas:

- Contribuír con todos os seus medios á consecución do obxecto do presente convenio, ás súas liñas de actuación e accións específicas, de conformidade co acordado no presente acordo.
- Participar na Comisión de Seguimento que se constitúa de conformidade co establecido na cláusula oitava.
- Levar a cabo de maneira conxunta a estratexia de información, comunicación e difusión que resulten de aplicación.
- Colaborar cando se lle requira apoio técnico, documental ou equivalente necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio a ou para cumprir obrigas relacionadas aos fondos MRR.
- Cumprir aquelas outras obrigas e responsabilidades que se deriven da boa execución do obxecto do presente convenio.

Obrigas da Consellería:



- Desenvolver todas as actuacións recollidas neste convenio que lle sexan atribuíbles e que constitúen o seu obxecto, concretándose na convocatoria, coordinación e seguimento da execución dos cursos que conformarán o programa de formación en materia de tecnoloxías de información xeoespacial para o desenvolvemento de xemelgos dixitais, que se definirá entre as partes.
- Utilizar os medios e recursos materiais e persoais que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do presente convenio.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio.
- Cumprir con todas as demais obrigas e responsabilidades asumidas ao longo do presente convenio.

Obrigas da Amtega:

- Desenvolver todas as actuacións recollidas neste convenio que lle sexan atribuíbles e que constitúen o seu obxecto, concretándose estas na contratación e execución (elaboración de contidos, formadores e impartición) dos cursos que conformarán o programa de formación en materia de tecnoloxías de información xeoespacial para o desenvolvemento de xemelgos dixitais, que se definirá entre as partes.
- Asumir un papel activo e prestar colaboración e apoio institucional na difusión do programa.
- Cumprir con todas as demais obrigas e responsabilidades asumidas ao longo do presente convenio.

Cuarta.- Financiamento

O presente acordo non supón achega económica polas partes. Cada parte asumirá os custos das súas actividades dentro dos seus orzamentos ordinarios.

No caso da Amtega as actuacións incluídas neste acordo están financiadas con cargo ao programa RETECH, e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration, PRTR.

Quinta.- Vixencia do acordo e prórroga

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2026, podendo prorrogarse mediante a subscripción da correspondente addenda.

Sexta.- Réxime de modificacións

Este acordo, a proposta da Comisión de Seguimento, poderá ser modificado no seu contido en calquera momento por acordo mutuo e expreso das dúas partes asinantes. A modificación das prestacións a incluír poderá implicar a modificación do alcance orzamentario do acordo.

Sétima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente acordo ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. O presente acordo rexerese polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do Dereito Administrativo.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes, durante o desenvolvemento e execución do presente Acordo, e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento, resolveranse conforme ao disposto



na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento e toma de decisións en relación ao presente acordo constitúese no momento da firma unha comisión mixta de seguimento composta polos seguintes membros:

- Dúas persoas empregados/as públicos da Amtega, designadas pola Dirección da Amtega.
- Dúas persoas empregados/as públicos designadas pola Consellería.

Os anteriores representantes poderán delegar noutros membros da súa organización a asistencia. Ás reunións da Comisión de Seguimento poderá asistir en calidade de asesor, o persoal que, no seu caso, determine cada unha das partes integrantes da mesma. As reunións poderán realizarse presencialmente ou mediante medios telemáticos, quedando constancia nunha acta dos resultados.

A comisión terá entre as súas funcións:

- Efectuar o seguimento no avance das actuacións.

Novena.- Causas de resolución do acordo e consecuencias no caso de incumprimento

As causas de resolución deste acordo serán as seguintes:

- a) O mutuo acordo expreso das partes.
- b) O vencemento do seu prazo de vixencia.
- c) Incumprimento comprobado dos prazos e das demais obrigas asumidas polas partes. Neste caso, calquera das partes poderá facer á outra un requirimento para que, nun determinado prazo, dea cumprimento ás obrigas e aos compromisos asumidos. Se finalizado o prazo anterior a parte requirida persistise no seu incumprimento, a parte que fixo o requirimento notificaralle a concorrencia dunha causa de resolución e entenderase automaticamente resolto o acordo, debendo indemnizar a parte incumpridora polos danos e prexuízos causados..
- d) A sinatura dun novo acordo para substituír o actual.
- e) Outras causas establecidas na normativa vixente que puidesen resultar de aplicación.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Undécima.- Publicidade



A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste acordo, as partes asinan electronicamente este documento.

José González Vázquez

Damián Rey Rodríguez

Conselleiro de Emprego, Comercio
e Emigración

Director da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia



ANEXO I

PROGRAMA FORMATIVO EN TECNOLOXÍAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE XEMELGOS DIXITAIS

Sen prexuízo da concreción do programa formativo final durante a execución do presente acordo, inclúense neste anexo, de xeito orientativo, os cursos e temáticas previstos.

Módulo	Temática	Horas	
Módulo 1	IoT e Integración con Xemelgos Dixitais	20h	Sensórica, protocolos (MQTT), integración con GIS, ArcGIS Data Pipelines, monitoreo predictivo.
Módulo 2	Big Data en Xemelgos Dixitais	40h	ArcGIS API for Python, GeoAnalytics Engine, análise espacial masivo, Data Lakes, analítica predictiva.
Módulo 3	Xestión de Fluxos en Tempo Real	30h	GeoEvent Server, alertas automáticas, Stream Layers, simbología dinámica para datos en vivo.
Módulo 4	Visualización e Análise Avanzada	40h	Dashboards dinámicos, visores 2D e 3D (Experience Builder), IA para detección de obxectos en imaxes.
Módulo 5	Gobernanza, Seguridade e Calidade do Dato	20h	Metadatos, Directiva INSPIRE, esquemas de seguridade, validación de calidade do dato.

